

OS CORVOS, AS AVES MÁIS ESPELIDAS

contos do TÍO-VIVO
Xosé Salvadores



Moitas aves téñennos asombrado polas súas habilidades: unhas tecen niños primorosos, outras constrúen en lugares imposibles, hainas que simulan estar feridas para despistar aos depredadores..., pero entre todas destacan as que pertencen á familia dos córvidos, que teñen a súa sona de ser as máis intelixentes e con capacidade para resolver problemas cotiáns.

Esta familia de oportunistas come de todo, desde os animais mortos en accidentes (e aínda quentes), a preas e, especialmente, moitas lamberetadas: lesmas, coscos, insectos e larvas, polo que podería ter moitos simpatizantes.

Pero é que tamén come ovos, ras, froitos, e, sobre todo, graos. E aí está a súa perdición, xa que para as xentes que teñen a súa economía baseada nos cultivos, os córvidos perden toda simpatía e poden chegar a ser considerados como praga.

Agás na pega marza, nos córvidos predomina a elegante cor negra. Parece que lle veu dun castigo de Apolo. O certo é que esta cor está relacionada, hoxe e aquí, co mal agoiro e a morte. Non foi sempre así. Pola súa condición, eran considerados mediadores entre a vida e o alén, foron símbolo espiritual e mesmo chegaron a deuses. Estiveron presentes na mitoloxía dos pobos do Norte, en Alaska, en Groenlandia: Odín, sempre acompañado dos seus inseparables corvos que lle ían con todos os contos; estaban moi ligados a Morrigan, a deusa celta das batallas; ou Bran, o corvo de Lug,... Xa máis recentemente, estes animais aparecen na obra e vida de Poe, do noso bardo Pondal, que quere ser coma os feros corvos do Xallas, ou de Castroviejo, que convivía cunha parella en liberdade á que coñecía á perfección e que respondía ás súas instrucións. Lembro que o poeta nacional Manuel María, e non quero mentir, dicía que gustaba dos corvos porque co seu croar humanizaban a paisaxe. Pola miña parte, téñoome sentido acompañado, nas soidades das paisa-

xes, cando non se escoita máis que o silencio e, de súpeto, chega o son familiar dos corvos: sabes que non estás só no mundo e iso reconforta.

En canto á súa intelixencia e á resolución de novas situacións en función dos elementos dos que dispoñen, hai documentais sorprendentes que recollen como uns córvidos, nalgún afastado país, carretan no peteiro un froito parecido a unha noz, póusanse nun semáforo e, cando os autos paran, eles botan os froitos ao pé das rodas agardando a que ao volver circular os esmaguen; logo, en canto volven parar os vehículos, apañan o contido da casca.

En todos os lugares, os corvos son moi larpeiros das nozes. Eu coñecía de moi novo os corvos e as súas artes en coller sen permiso as cousas alleas. Naturalmente, eles non poden saber, ou non o queren saber, que os froitos dalgunhas árbores son propiedade privada e, sendo moi cativo, chamábame a atención, indo de Lugo, que a miña avoa Bríxida en Arteixo dese palmas desde a galería para espantar os corvos que viñan pousar na nogueira que estaba na cima da horta e que lindaba co monte. Foi para min a primeira observación sobre a interacción entre a fauna salvaxe e os humanos.

En Viveiro, o ano pasado comentáronme que os corvos ían despois do recreo tirar nozes ao cemento do patio do colexio desde o alto para que escachasen e así acceder de forma máis doada ao interior da casca. Lembrei os documentais e aínda así puxen en corentena o conto; pero este ano, no patio do instituto máis céntrico de Santiago, vin exactamente o mesmo comportamento nunha panda do corvo viaraz (*Corvus corone*). Está claro que as dúas tribos de corvos, sen teren contacto, chegaron á mesma conclusión de que o chan cementado dos patios de recreo dos centros de ensino é un casca-nozes perfecto para non desaproveitar nada, á diferenza de tiralo sobre unha pena no medio do monte. Por certo, tal é a ansia de comer o froito que neses momentos reven as distancias que normalmente manteñen cos usuarios do recinto.

Vendo esta manobra, imaxino que é perfectamente posible o que conta algunha xente dos corvos de que son quen de guindarlle pedras ás persoas que tentan achegarse aos seus niños. Co tempo seguiremos redescubriendo as capacidades destes lercháns que de seguro, moitas delas, os antergos coñecían.

X. Salvadores



Escena na que un corvo consegue escachar unha noz no patio de recreo do IES Rosalía de Castro de Compostela.

CALÉNDULA

(*Calendula officinalis*)

Marga Miguens

Do latín *calendulae*, que quere dicir “ao longo dos meses”, provén o nome desta fermosa planta, a caléndula, dado o seu longo período de floración, que pode durar case todo o ano. É orixinaria de Exipto, pero chegou a Europa na época das cruzadas e comezou a cultivarse nos hortos e xardíns de conventos e mosteiros, até o punto de que nalgúns rexións se lle chama “peido de frade”.

Existe a variedade cultivada e a salvaxe. Esta última está totalmente estendida polo territorio galego, xa que a caléndula produce moita cantidade de sementes, polo que ela mesma fai o seu labor de dispersión. Aló polo mes de maio comeza a medrar sen necesidade de ser sementada.

Antano era coñecida tamén como “azafrán dos pobres” porque se utilizaba na cociña como colorante, debido a que as flores que ten, igualíñas que as da margarida, de cor amarelo ou laranxa, tinguen as comidas. Estas tamén son comestíbeis e, normalmente, utilízanse crúas en ensalada, dándolle ademais unha bonita cor.

Trátase dunha planta anual, de 70 cm de altura, con follas alternas e simples, dunha cor verde clara. É moi resistente, soporta tanto as secas coma as xeadas, e temperaturas de até – 15 °C. Como é moi resistente medra en todo tipo de solos, aínda que en veráns moi calorosos, terá necesidade de ser regada con frecuencia.

Case sempre é tratada como unha planta ornamental polas súas vistosas flores, pero posúe outras múltiples propiedades polas substancias que a compoñen. A máis destacábel é a calendulina, un aceite esencial que lle confire tantas propiedades medicinais que a planta se bautizou co nome de “marabilla”. A parte que contén máis calendulina son as flores, as que hai que recoller cando están ben abertas e sen humidade para poder utilizalas con fins terapéuticos.

Na Idade Media, grandes figuras da Medicina, como Santa Hildegarda ou Alberto Magno, prescribían esta planta para enfermidades do intestino e do fígado e tamén para curar picadas de insectos e serpes. No século XI, Mattioli recomendábala para a cura de doenzas oculares.

Hoxe en día, é recoñecido o seu efecto positivo sobre o fígado e a vesícula biliar e está demostrado cientificamente que a caléndula soluciona algunhas deficiencias hepáticas.

É unha das plantas que máis destaca como cicatrizante. En uso externo, podemos empregala sobre feridas, chagas, eccemas, contusións, calos, verrugas, úlceras, inflamacións cutáneas e, a modo de colirio, en caso de conxuntivite. En uso interno, cicatriza as úlceras de estómago e de duodeno, e resulta efectiva en casos de gastrite e gastroenterite. O seu efecto terapéutico parece máis evidente cando se lle asocia coa estruga.

Recentemente, atribuíronselle efectos “anticancro”, aplicada en pomada sobre os tumores da pel, pero neste campo aínda queda moito por estudar. O que si está comprobado é que se trata dun bo remedio para tratar as peles atópicas e as moi sensíbeis, como a dos bebés. Polo que se considera unha fantástica aliada do cute.

A súa acción sobre o sistema reprodutor feminino tamén é de grande incidencia: provoca o menstuo retrasado, regulariza o ciclo, reduce as regras demasiado abundantes e os efectos colaterais da menstruación como dores abdominais, ansiedade, depresión, insomnio, etc. Unha cura de caléndula, iniciada unha semana antes da regra, axudará a superar o período sen dificultade.

Na horta agroecolóxica, a caléndula é unha planta protectora. Estimula o crecemento das coles e dos tomates e atrae insectos polinizadores moi beneficiosos pola grande cantidade de pole que teñen as súas flores.

Quizais, o único negativo que podemos atribuír á caléndula é que tamén segrega substancias que inhiben o crecemento doutras plantas, por iso ás veces se coñece co nome de “flor de morto”; pero a meirande parte das súas propiedades son “marabillas”.

